

Estimadas familias do alumnado do CEIP Rosalía de Castro de Bóveda:

A vindeira semana o meco encárgase das pintas coas que viremos ao colexio, elixidos polo alumnado de 5º e 6º de primaria. Celebraremos o entroido cunha consigna cada día, agás o venres 17 que será disfrace libre.

## MANDADIÑOS DE ENTROIDO

### LUNS 13:

O luns cando te levantes da cama non te has de vestir, así ao colexio en **pixama** podes vir durmir.



### MARTES 14:

O martes de **vellos e vellas** hai que vir. O mandil traeremos e a comida faremos sen parar de rir.



### MÉRCORES 15:

O mércores de **deportistas** viremos. Así adelgazaremos e menos comeremos.



### XOVES 16:

O xoves de **verán** viremos e esperemos que co frío non nos resfriemos.



### VENRES 17:

**ENTROIDO!!!!** Ensinarás o teu disfrace máis tolo!!!

